**CONCELLO DE CEDEIRA** *(A CORUÑA)*
*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*
*C.I.F.: P-1502200-G*

ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA ONCE DE MARZO DE 2015.

PRESIDENTE
Sr. D. Luis Rubido Ramonde

CONCELLEIROS
Don Alfredo Vilela Santalla Don Pablo Luis Nebril López
Don Juan Carlos Romero Beceiro
AUSENTES: SECRETARIO:
Don Iago Manuel Bermejo Varga

INTERVENTOR:
Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás trece horas e trinta e tres minutos do día once de marzo de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretario o titular da Corporación don Iago Manuel Bermejo Varga, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACION DAS ACTAS, SE PROCEDE, DOS DIAS 04.02.2015, 11.02.2015 E 04.03.2015**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F. a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas nas data 04.02.2015, 11.02.2015 e 04.03.2015 e ao non producirse ningunha por parte dos membros da Xunta de Goberno Local, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, resultando aprobadas por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes.

**2.- COMUNICACION PREVIA 2015/U009/000015**

Acordos adoptados:

1.- Tomar coñecemento das obras de cambio de fiestras.

2.- Advertir ó promotor que, para a inspección municipal, deberá de ter a disposición dos técnicos municipais o impreso rexistrado de comunicación previa e facilitará ó acceso ó local para a inspección da obra.

3.- A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a administración coñeza a existencia da dita actuación e posibilitar o control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas.

4.- As comunicacións previas producirán efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

5.- As comunicacións previas producirán os efectos que determinen en cada caso a lexislación correspondente, a ordenanza e demais normativa municipal, e permitirán con carácter xeral o recoñecemento ou exercicio dun dereito, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que teña atribuída a Administración urbanística competente.

6.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da comunicación previa, determinará, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar e das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que declare tales circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano, todo elo de conformidade co establecido nas normas sectoriais de aplicación.

7.- As obras e actividades comunicadas realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**CONCELLO DE CEDEIRA** *(A CORUÑA)*
*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*
*C.I.F.: P-1502200-G*

**3.- OCUPACION VIA PUBLICA EXPEDIENTE 5V/2015**

Acordos adoptados:

Autorizar a ocupación de vía solicitada, coas condicións do informe técnico de data 09.03.2015.

**4.- APROBACION DE FACTURAS**

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.-Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

| Nº de rex. | Data factura | Texto Explicativo | Programa | Económico | Importe Total |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/117 | 19/02/2015 | FRA 2451747 PEDIDO DE MATERIAL PARA POLIDEPORTIV O (RELE, POTENCIA, PCB, 12 V CC, 8A) POR ANTONIO SEDES | 341 | 22199 | 27,93 € |
| F/2015/118 | 19/02/2015 | FRA 671 SUM. PAPELERA CIRCULAR MADERA DE PINO ROJO TRATADA Y 2 MANOS LASUR COLOR NOGAL PARA EXTERIOR | 1532 | 62500 | 756,25 € |
| F/2015/119 | 31/12/2014 | FRA 453 APORTACION ECONOMICA MUNICIPAL DO SERVIZO XANTAR NA CASA (OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO) | 231 | 48001 | 2.790,00 € |
| F/2015/122 | 16/02/2015 | FRA 003/2015 ACTUACION DE NI FU NI FA ANIMACION NA FESTA DE DISFRACES DO ENTROIDO 2015 | 334 | 22710 | 363,00 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/123 | 23/02/2015 | FRA BF150064 SUMINISTRO DE DESACELERA DORES Y PERNOS DE EXPANSION | 133 | 62500 | 1.246,30 € |
| F/2015/124 | 24/02/2015 | FRA A/246-15 SUMINISTRO DE PELLET DE MADERA 6MM PARA POLIDEPORTIV O MUNICIPAL DE CEDEIRA | 341 | 22103 | 1.225,12 € |
| F/2015/125 | 30/12/2014 | FRA 98007493 CUOTA MENSUAL DE ARRENDAMIE NTO DE EQUIPOS (DEL 01/01/2015 AL 31/12/2015) | 920 | 20601 | 473,13 € |
| F/2015/126 | 10/02/2015 | FRA 99000235 CUOTA MENSUAL DE ARRENDAMIE NTO DE EQUIPOS (DEL 15/02/2015 AL 28/02/2015) | 920 | 20601 | 219,68 € |
| F/2015/127 | 30/12/2014 | FRA 98007293 LIQUIDACION CONTADORES BIBLIOTECA Y SERV. SOC. (PERIODO DESDE EL 01/11/2014 AL 31/12/2014) | 920 | 20601 | 554,85 € |
| F/2015/128 | 16/02/2015 | FRA 02/2015 GASTOS IBI AÑO 2014 Y COMUNIDAD DESDE 01/09/2013 HASTA 30/09/2014 (LOCAL SOCIAL DE MAYORES) | 231 | 20200 | 1.310,25 € |
| F/2015/129 | 24/02/2015 | FRA 9900666130756 LIQUIDACION TASA REFUERZO FIRME EN RUA ORTIGUEIRA (T.M. CEDEIRA) | 920 | 22500 | 157,17 € |

# CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

*Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06*
*C.I.F.: P-1502200-G*


| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/130 | 28/02/2015 | FRA 2/15 LIMPEZA DO CENTRO SOCIAL DE MAIORES E ASISTENCIA E ATENCIÓN AOS USUARIOS DO MESMO | 231<br>231 | 22700<br>22799 | 826,81 € |
| F/2015/131 | 26/02/2015 | FRA 527 ALQUILER Y MONTAJE DE CARPA EN PLAZA ROJA CEDEIRA CON MOTIVO CELEBRACION CARNAVALES | 334 | 22710 | 1.089,00 € |
| F/2015/132 | 24/02/2015 | FRA A15/179 SUMINISROS VARIOS DE MATERIAL DE LIMPIEZA PARA GUARDERÍA | 3231 | 22110 | 42,35 € |
| F/2015/133 | 24/02/2015 | FRA A15/178 SUMINISTROS VARIOS DE PRODUCTOS DE LIMPIEZA PARA COLEGIO NICOLAS DEL RIO | 3232 | 22110 | 64,29 € |
| F/2015/134 | 28/02/2015 | FRA CED02 LIQUIDACION SERVICIOS COMUNICACIÓN AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA (MES DE FEBRERO 2015) | 912 | 22799 | 321,86 € |
| F/2015/135 | 24/02/2015 | FRA A/52 SUMINISTRO DE POLARES SURPRISE FULL W. SERIGRAFIA | 231 | 22104 | 264,26 € |
| F/2015/136 | 24/02/2015 | FRA A/53 SUMINISTRO DE RETENEDOR, FILTROS Y MEDIA MASCARA 3M DE FILTROS RECAMBIO 6200 | 920 | 22199 | 41,50 € |
| F/2015/137 | 24/02/2015 | FRA A/54 SUMINISTRO DE GUANTE ULTRANE (ROBERTO ANEIROS) | 171 | 22199 | 1,36 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/138 | 24/02/2015 | FRA A/55 SUMINISTRO DE CINCO MASCARILLAS FFP3 SAFETOP Y GAFA ARGO (ROBERTO ANEIROS) | 171 | 22199 | 19,90 € |
| F/2015/139 | 24/02/2015 | FRA A/56 SUMINISTRO DE CINTA BLANCA/ROJA BALIZAMIENT O Y DOS GUANTES ULTRANE | 450 | 22199 | 20,72 € |
| F/2015/140 | 24/02/2015 | FRA A/57 SUM. PANTALLA FACIAL POLICARBONA TO PROT. BARBI Y GUANTES NITRILO Y TUFF JUBA PIEL FLOR DE VACUNO | 450 | 22199 | 23,30 € |
| F/2015/141 | 28/02/2015 | FRA 51 SUMIN. FH. REDONDO CALIBRADO 30MM. F1140(5.55)*13 A Y RHODIUS. DISCO CORTE 125X1MM.XT7 0*15F (VIAS PUBL.) | 450 | 22199 | 37,51 € |
| F/2015/142 | 28/02/2015 | FRA 52 SUMINISTRO FH. M2 REJILLA TRAMEX *15F- CORTE A MEDIDA INCLUIDO (VIAS PUBLICAS) | 450 | 22199 | 66,85 € |
| F/2015/144 | 28/02/2015 | FRA F/205 SUMINISTRO PROA. PROAMAT INT-EXTPU-100 BLANCO 15LTS.*13E Y OTROS (CONCELLO/MANTENIMIENTO) | 450 | 22199 | 115,26 € |
| F/2015/145 | 28/02/2015 | FRA F/206 SUMINISTROS VARIOS PARA COLEGIO NICOLAS DEL RIO | 3232 | 22199 | 649,87 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/146 | 28/02/2015 | FRA F/207 SUMINISTRO DE TAYG. MALETA HERRAMIENT AS N? 40 R.140006*15E | 450 | 22199 | 9,58 € |
| F/2015/147 | 28/02/2015 | FRA F/208 SUMINISTRO ZTORN. 912 8.8 C/ALLEN 12X40MM Y 12X50MM | 450 | 22199 | 1,82 € |
| F/2015/148 | 28/02/2015 | FRA F/209 SUMINISTRO ZTORN. 912 8.8 C/ALLEN 12X40MM (100)*7QA (ELECTRICIDA D) | 450 | 22199 | 1,64 € |
| F/2015/149 | 28/02/2015 | FRA F/210 SUMINISTROS VARIOS PARA JARDINES | 171 | 22199 | 42,74 € |
| F/2015/150 | 28/02/2015 | FRA F/211 SUMINISTRO SPRAY CRC CONTAC CLEANER 200ML.*14A | 341 | 22199 | 8,92 € |
| F/2015/151 | 28/02/2015 | FRA F/212 SUMINISTRO JAZ. CEPILLO ALAMBRE RETOR. Y JAZZ. CEPILLO ALAMBRE COPA 50MM (TALLER) | 450 | 22199 | 39,60 € |
| F/2015/152 | 28/02/2015 | FRA F/213 SUMINISTRO DE JAZ. CEPILLO PINCEL ALAMBRE C7ESPIGA*15F (TALLER) | 450 | 22199 | 8,93 € |
| F/2015/153 | 28/02/2015 | FRA F/214 SUMINISTRO DE DRONCO. DISCO CORTE INOX Y Z-ARANDELA 125 ZINC PLANA 16MM (TALLER) | 450 | 22199 | 4,46 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| F/2015/154 | 28/02/2015 | FRA F/215 SUMINISTRO DE ISAVAL. ROLLO PAPEL C/CINTA ROLOPEL 45X15CM.*14D (VIAS PUBLICAS) | 450 | 22199 | 6,56 € |
| F/2015/155 | 28/02/2015 | FRA F/216 SUMINISTRO DE IBER. ENLUCIDO POLVO KEDOLITH 5 KG *14O (VIAS PUBLICAS) | 450 | 22199 | 28,31 € |
| F/2015/156 | 28/02/2015 | FRA F/217 SUMIN. DE MASCARILLA ALPHA DM-550 FFP1, KRONEN. DISCO CORTE 115MM*14N Y OTROS (VIAS PUBLICAS) | 450 | 22199 | 125,10 € |
| F/2015/157 | 28/02/2015 | FRA F/218 SUMINISTRO DE FERRITOOLS. PUNTERO 2261410 30X410MM. MAK-HIT.*13S (VIAS PUBLICAS) | 450 | 22199 | 20,51 € |
| F/2015/158 | 28/02/2015 | FRA F/219 SUMINISTRO DE ZTIRAFONDO 571 ZINC. 8X40MM (100U)*10D Y OTROS (VIAS PUBLICAS) | 450 | 22199 | 63,56 € |
| F/2015/159 | 27/02/2015 | FRA 99000739 LIQUIDACION CONTADORES BIBLIOTECA Y SERV. SOC. (PERIODO DESDE EL 01/01/2015 AL 28/02/2015) | 920 | 20601 | 311,50 € |
| | | | | Importe total | 13.381,75 € |

TOTALFACTURAS:13.381,75€

SEGUNDO.- No caso das facturas de gastos subvencionables declarar cumplida a finalidade para a cal foi concedida e dos requisitos sinalados nas bases reguladoras.

**5.- RECURSO RECIBOS LIXO NON HABITABLES Nº 13.2015**

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. DAR DE BAIXA no padrón do lixo os números fixos que se indica de seguido, para os exercicios 2014, 2015 e 2016.

| Nº FIXO | ENDEREZO |
|---|---|
| 253000645220 | LG NOGUEIRA |
| 253000645219 | LG NOGUEIRA |
| 253000645088 | LG NOGUEIRA |

SEGUNDO. ANULAR os seguintes recibos emitidos pola taxa de recollida de residuos para os números fixos dados de baixa con efecto retroactivo. Os recibos son:

| ID_VALOR | Nº FIXO | COTA (€) |
|---|---|---|
| 20143515022RL01R004746 | 253000645220 | 47,00 |
| 20143515022RL01R004747 | 253000645219 | 47,00 |
| 20143515022RL01R004633 | 253000645088 | 47,00 |

TERCEIRO. RECOÑÉCER O DEREITO Á DEVOLUCIÓN dos recibos anulados que xa foran aboados.

CUARTO. COMUNICAR estes acordos á Excma. Deputación Provincial da Coruña para os efectos e tramitación oportunos.

**6.- RECURSO RECIBOS LIXO Nº 14.2015**

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. CORREXIR a cota tributaria para os números fixos que 253000645223 e 253000645217. Os rexistros modificados quedaran como segue:

| Nº FIXO | ENDEREZO | Cota (€) |
|---|---|---|
| 253000645223 | LG CAMPO DA CRUZ | 140 |
| 253000645217 | CL RIO DA BRAXE | 140 |

SEGUNDO. ANULAR PARCIALMENTE os seguintes recibos do exercicio 2013 emitidos pola taxa de recollida de residuos para os números fixos modificados con efecto retroactivo. RECOÑECER o dereito á devolución da diferenza entre a liquidación practicada e a cota tributaria correcta, segundo a seguinte táboa:

| ANO | ID_VALOR | Nº FIXO | COTA MODIFICADA (€) | CONTIA ABOADA | CONTIA A ANULAR |
|---|---|---|---|---|---|
| 2013 | 20133515022RL01R005259 | 253000645223 | 140,00 | 1.375,40 | 1.235,40 |
| 2013 | 20133515022RL01R005258 | 253000645217 | 140,00 | 435,50 | 295,50 |

TERCEIRO. ANULAR os recibos seguintes pertencentes o exercicio 2014:

| AN | ID_VALOR | Nº FIXO | ENDEREZO TRIBUTARIO | COTA (€) |
|---|---|---|---|---|
| 2014 | 20143515022RL01R004749 | 253000645223 | LG CAMPO DA CRUZ | 1.375,40 |
| 2014 | 20143515022RL01R004748 | 253000645217 | R/ RIO DA BRAXE | 435,50 |

CUARTO. APROBAR as seguintes liquidacións que sustituen os recibos anulados.

| Nº FIXO | 253000645223 | EXERCICIO | LIQUIDACION | COTA (€) |
|---|---|---|---|---|
| | | 2014 | L30200.001126 | 140,00 |

| Nº FIXO | 253000645217 | EXERCICIO | LIQUIDACION | COTA (€) |
|---|---|---|---|---|
| | | 2014 | L30200.001127 | 140,00 |

QUINTO. COMPENSAR a contía das liquidacións anteriores co saldo favorable ao contribuínte resultante da anulación parcial dos recibos do exercicio 2013 ( Punto SEGUNDO). Os datos son:

| LIQUIDACIÓN 2014 | Nº FIXO | COTA (€) | CONTIA ANUAL 2013 | CONTIA A DEVOLVER |
|---|---|---|---|---|
| L30200.001126 | 253000645223 | 140,00 | 1.235,40 € | 1.095,4 € |
| L30200.001127 | 253000645217 | 140,00 | 295,50 € | 155,5 € |

SEXTO. COMUNICAR estes acordos á Excma. Deputación Provincial da Coruña para os efectos e tramitación oportunos.

**7.- ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO TECNICO DE EQUIPOS INFORMATICOS**

Acordos adoptados:

1º.- Declarar a conformidade coa oferta presentada.

2º.- Aprobar o gasto para o exercicio 2015, e adxudicar, mediante un contrato menor, o servizo de mantemento técnico dos equipos informáticos deste concello, polo importe mensual de 150,00 euros e 31,50 euros de IVE, facendo un total de 181,50 euros mensuais.

3º.- A duración deste contrato menor será para todo o ano 2015.

3º.- Notificar a presente resolución ao adxudicatario.

4º.- Dar traslado da presente resolución aos servizos municipais de Tesourería e Intervención; así como ao de Contratación.

**8.- APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DE 'PAVIMENTACION DE PISTA MUNICIPAL EN FREIXIDO' ( EXPTE. 2014/C003/000011)**

Acordos adoptados:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra denominada “Pavimentación de pista municipal en Freixido”, condicionada á existencia

de crédito con anterioridade á adxudicación da contratación.

2. Autorizar, en contía de 33.483,79 euros e de 7.031,60 euros de IVE (40.515,39 € IVE incluido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida 453.619.00 do estado de gastos do Presuposto Municipal deste Concello para o exercicio 2015.

3. Aprobar o Cadro de características do contrato que rexerá a obra denominada "Pavimentación de pista municipal en Freixido" por procedemento negociado sen publicidade.

4. O responsable do contrato, nos termos do artigo 52 do R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, será designado no acto de adxudicación da obra.

5. Publicar a licitación no Perfil de Contratante expresando que o prazo de presentación de proposicións será de 8 días naturais desde a publicación.

6. Remitir invitacións ás seguintes empresas capacitadas para a execución do presente contrato:

- JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.
- JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L.
- GÓMEZ Y CÍA, S.L.

**9.- APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DE 'ABASTECEMENTO DE AUGA A LABOREÑA ' (EXPTE. 2014/C003/000010)**

Acordos adoptados:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra denominada "Abastecemento de auga á Laboreña", condicionada á existencia de crédito con anterioridade á adxudicación da contratación.

2. Autorizar, en contía de 35.668,54 euros e de 7.490,39 euros de IVE (43.158,93 € IVE incluido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida 161.629.00 do Presuposto Municipal deste Concello para o exercicio 2015.

3. Aprobar o cadro de características do contrato que rexerá a contratación da obra denominada "Abastecemento de auga á Laboreña" por procedemento negociado sen publicidade, que consta no expediente.

4. O responsable do contrato, nos termos do artigo 52 do R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, será designado no acto da adxudicación da obra.

5. Publicar a licitación no Perfil de Contratante expresando que o prazo de presentación de proposicións será de 8 días naturais desde a publicación.

6. Remitir invitacións ás seguintes empresas capacitadas para a execución deste contrato:

- JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, S.A.
- JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L.

- GÓMEZ Y CÍA, S.L."

**10.- ASUNTOS VARIOS**

Non hai

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás catorce horas e quince minutos do expresado día.